

Mary Quintero por fin está sendo homenaxeada como merece. Esta muller galega, pioneira dende moi nova da fotografía profesional en Galicia, foi recoñecida a pasada semana pola Deputación Provincial da Coruña como "fotógrafa histórica". Unha homenaxe na que se salientou que foi a primeira artista que en Galicia utilizou a cor e as técnicas do retoque, conformando unha obra propia que supera os límites do espazo e do tempo e situándoa á altura doutras figuras masculinas da fotografía galega como Manuel Ferrol, Virxilio Viéitez ou Ramón Caamaño.

O vindeiro xoves o Consello da Cultura Galega dedícalle á fotógrafa viguesa toda unha xornada de estudo na que nunha exposición retrospectiva de urxencia e en varias intervencións se percorreron os 68 anos da súa traxectoria, dende a súa exposición alboral de retratos no Círculo das Artes de Lugo en 1947, a primeira mostra dunha fotógrafa galega, cando contaba apenas con dezaseis anos e na que xa utilizou as técnicas do retoque e coloreado, até o traballo desenvolvido no seu estudio fotográfico de Vigo, tamén o primeiro fundado por unha muller, polo que durante seis décadas pasaron varias xeracións viguesas.

Homenaxes que continuarán en novembro, o venres 13 na Casa do Libro de Vigo, onde será presentado o seu libro antolóxico, "Mary Quintero. Retratista desde os 15 anos" (Xerais 2015), no que se inclúe unha achega biográfica de Fernanda Padín, e no que Mary para escolmar entre milleiros de fotos contou coa colaboración de Ana Corredoira e Rober Quintero. Agarimo e gratitude que despois, o sábado 14, as súas amigas tributaránlle nun xantar no Balneario de Mondariz.

Recoñecementos recentes que por ventura se engaden a longa nómina de mencións e premios recibidos pola súa obra antes da súa xubilación,

Mary Quintero homenaxeada

CAMPO DE GRANADA

Manuel Bragado



dentro e fóra de Galicia, como os de Viguesa Distinguida (1994), Medalla de ouro de Sevilla (2001), Medalla de Galicia (2002) ou Medalla de ouro da Comunitat Valenciana (2006). Homenaxes para unha traballadora incansable da fotografía de estudio, que apostou sempre pola innovación e soubo adaptarse e aproveitar ás novas posibilidades creativas ofrecidas polo desenvolvemento das tecnoloxías fotográficas.

A procura teimosa da luz adecuada e a preocupación por unha composición equilibrada caracterizaron todo o seu traballo fotográfico. Guiada por un instinto innovador e unha intenciónalidade artística permanente utilizou técnicas como o retoque con pinturas transparentes ou o proxección de fondos como posibilidades para crear ambientes exteriores sen saír do estudio. Xaora, foi unha pioneira da fotografía dixital actual, mais tamén unha artista capaz de acuñar un estilo propio no retrato, o que lle permitiu ser recoñecida internacionalmente, impartir cursos, ditar conferencias, participar en xurados e compartir o escenario fotográfico da España do franquismo e do posfranquismo con figuras como Schommer, David Hamilton ou Cristina García Rodero.

Nacida en Melide en 1931, Mary Quintero formouse como fotógrafa co seu pai Aurelio Quin-

tero e a súa nai Amadora Corredoira que rexían un estudio nesa vila coruñesa. Dende moi nova, Mary acompañou ao seu pai polas feiras, onde facían fotografía "minutera", o que lle axudou a coñecer as regras básicas de composición, iluminación e revelado. Mentres que foi da súa nai de quen aprendeu as técnicas artesanais de retoque e coloreado, que perfeccionaría durante a súa estancia en Madrid en 1945 xunto ao fotógrafo Pedro Jaraba e ao profesor de pintura Carlos Pascual de Lara. Foi en Lugo no obradoiro estudio familiar, Fotografía Quintero, aberto na praza de Santo Domingo, onde comezou a desenvolver a súa actividade fotográfica e as súas primeiras (e exitosas) exposicións de retratos que a animaron abrir estudio propio en Vilalba cando contaba apenas dezasete anos.

As esporádicas visitas a Vigo, acompañando ao seu pai, para realizar retratos no Hotel Alameda da praza de Compostela, facilitáronlle a realización en 1952, tamén o ano do seu casamento, da súa primeira exposición en Vigo, no salón da pastelería El Molino, no que contou coa axuda de Lola Ponte. O éxito da exposición, onde entre outros retratos se expoñía un realizado ás fillas de Enrique Lorenzo, incrementou a súa clientela viguesa e a levou a instalarse dous anos despois en Vigo e a crear o seu famoso estudio de Urzaiz 32, onde até a súa xubilación formou un equipo de traballo con catro mulleres: Ana, María Jesús e Marilí, no que anos máis tarde, se integrou a súa filla María.

Ben sería que Vigo, a cidade cuxas xentes retratou con tanto agarimo durante case seis décadas, preparase nalgún dos seus museos municipais unha grande retrospectiva da súa obra. Mary Quintero meréce e os vigueses e viguesas de hoxe poderían espellarse na imaxe das súas familias.

bretemas@gmail.com